




MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Veterinaria

Curso Académico: 2017/18

	MEMORIA DE CALIDADE DA FACULTADE DE VETERINARIA 2017-2018	Data aprobación: xx/06/2019
		Páxina 1 de 32

Índice

1. Introducción.....	2
Documentación de referencia.....	2
Composición e funcións da Comisión de Calidade.....	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade.....	5
Vixencia da Política de Calidade.....	5
Evolución e Grao de cumprimento do Plan Estratéxico e da Programación Plurianual do Centro.....	5
Estado do Plan de Melloras para o curso 2017-18.....	6
Resultados de Indicadores da eficacia dos procesos considerados no SGIC.....	7
3. Plan de Melloras do Centro	8
4. Anexo: Informes de seguimento	31

1. Introducción

A presente Memoria de Calidade da Facultade de Veterinaria, corresponde ao curso académico 2017-2018 cuxo ámbito de aplicación afecta ao título de Grao en Veterinaria e por suposto, tódalas persoas da Facultade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos son os destinatarios directos de cantas accións se leven a cabo no marco do SGIC vixente. Foi elaborada pola Comisión de Calidade da Facultade de Veterinaria e aprobada a súa remisión á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos para informe técnico na sesión do 9 de maio de 2019.

O SGIC ten sido revisado en febreiro de 2019 para adaptalo ao novo modelo de SGC da USC, polo que o SGIC vixente durante o curso 2017-18 aínda é o antigo. Nel, quedaron diversas adaptacións por facer dado o inminente do cambio que aconsellaba esperar antes de acometer modificacións que poderían xa vir implícitas no formato revisado.

Documentación de referencia.

A documentación de referencia ademais do Manual do SGIC e do Manual de Procesos e Procedementos (non renovados), e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela, é a que se cita a continuación:

- Memoria do Grao en Veterinaria da USC, na súa derradeira versión con todas as modificacións correspondentes ata 2017-18.

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/veterinaria/descargas/Grao_Veterinaria_USC_V7.pdf

- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Veterinaria, renovado e aprobado pola Xunta de Centro o 17 de decembro de 2015, coa ratificación do Consello de Goberno da USC o 7 de Xuño de 2016.

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/veterinaria/normativa/Regulamento_de_Rexime_Interno_FVL.pdf

- Regulamentos de Réxime Interno dos departamentos adscritos á Facultade.
<http://www.usc.es/gl/centros/veterinaria/departamentos.html>


Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGIC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade, que asume as competencias da Comisión do Grao, a Responsable de Calidade do Centro e a Coordinadora do Título.

As funcións de cada un dos órganos e cargos relacionados co desenvolvemento do SGIC poden consultarse no *Capítulo 3 do Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna de Calidade da Facultade de Veterinaria: Estrutura para o desenvolvemento do SGIC*:

http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/veterinaria/descargas/Manual_simplificado_SGI_C_FacVet_v.03x4-02-2015x.pdf

Composición e funcións da Comisión de Calidade.

Con data 04/02/2015 o Consello de Goberno da USC aprobou a modificación do Manual Simplificado do SGIC da Facultade de Veterinaria, que inclúe a reconfiguración da Comisión de Calidade do Centro.

	MEMORIA DE CALIDADE DA FACULTADE DE VETERINARIA 2017-2018	Data aprobación: xx/06/2019
		Páxina 3 de 32

Dado que a Comisión de calidade asume as funcións de comisión de título para o Grao en Veterinaria, única titulacións adscrita ao Centro no curso 17/18, ao comezo do mesmo dotouse á Comisión de Calidade dunha composición máis ampla para recoller a representación de todos os bloques de materias do Plan de Estudos; a nova composición foi ratificada pola Xunta de Facultade na súa sesión do 20 de decembro de 2017 e pode ser consultada na páxina web da Facultade de Veterinaria: <http://www.usc.es/gl/centros/veterinaria/comisions/titulacions.html>

Funcións da Comisión de Calidade:

- Realizar o deseño, implantación, seguimento e mellora do SGIC da Facultade.
- Elaborar a Memoria de Calidade da Facultade, que englobará os distintos informes e memorias (informe de resultados do sistema, que inclúe a proposta do plan de melloras da Facultade para o curso seguinte; informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora, e memoria de seguimento dos títulos que inclúen as propostas de mellora elaboradas polas correspondentes comisións de título).
- Analizar a información proporcionada polo/a Coordinador/a do Título e RCC para levar a cabo o seguimento do Título.
- Realizar un informe dos resultados do título e as propostas de mellora (Informe de seguimento do Título) e, cando sexa necesario, facer proposta de modificación ou suspensión deste.

Reunións da Comisión de Calidade durante o curso 2017-2018:

Como en anos anteriores, todas as reunións da Comisión de Calidade foron convocadas mediante a aplicación de axuda á xestión (AASX) que ten posta en uso a USC, e debidamente introducido o seu contido. De acordo con estes rexistros, as actuacións da Comisión de Calidade durante o curso analizado son as que se indican embaixo, cuxas actas pódense consultar na dita aplicación.

12/09/2017. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:


- Constitución de la Comisión de Calidad
- Adopción del procedimiento básico de actuación
- Calendario previsto de actividades de la CCC.

16/01/2018. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- Aprobación, si procede, del acta de la sesión anterior.
- Informe del Presidente
- Incorporación del nuevo miembro de la comisión, representante de los bloques 01 y 03
- Información del proceso de elaboración del informe de seguimiento del Grado en Veterinaria

26/01/2018. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

- Informe do Presidente
- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- Análisis propuesta PDA 2018-19 presentada por el VOAP y de las alegaciones recibidas
- Asuntos de trámite
- Rogos e preguntas

	<p>MEMORIA DE CALIDADE DA FACULTADE DE VETERINARIA 2017-2018</p>	<p>Data aprobación: xx/06/2019</p>
		<p>Páxina 4 de 32</p>

16/02/2018. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- Informe do Sr. Presidente
- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- Análisis borrador informe seguimento
- Acciones de mejora presentadas por las materias y/o por la facultad a incluir en el Informe
- Asuntos de trámite
- Ruegos y preguntas

08/03/2018. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- Informe do Sr. Presidente
- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- Aprobación, si procede, del acta de la sesión anterior (16/02/2018)
- Aprobación informe seguimento2016-17
- Asignación de responsables para las Acciones de Mejora
- Asuntos de trámite
- Ruegos y preguntas

	MEMORIA DE CALIDADE DA FACULTADE DE VETERINARIA 2017-2018	Data aprobación: xx/06/2019
		Páxina 5 de 32

2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

Vixencia da Política de Calidade.

O Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) conforma un elemento esencial na política e actividades formativas da Facultade. O seu obxectivo básico é garantir a calidade de tódalas titulacións mediante a actualización constante da oferta académica e a mellora continua dos programas formativos, de xeito que se facilite a acreditación das titulacións e o mantemento da mesma, así como a satisfacción das necesidades e expectativas dos grupos de interese.

O SGIC marco da USC empregado como base para tódolos centros, está deseñado seguindo os modelos da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade (ANECA) e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), e está articulado en 9 criterios e 46 directrices construídos sobre 5 eixes, que se corresponden cos programas AUDIT e FIDES elaborados polas axencias a estes efectos.

Os documentos que configuran o SGIC son o "Manual do Sistema de Garantía Interna de Calidade" e o "Manual de Procesos e Procedementos". Ambos os dous documentos, así como o "Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna de Calidade", están dispoñibles a través da páxina web da Facultade, no seu epígrafe dedicado ao Sistema de Garantía de Calidade: <http://www.usc.es/gl/centros/veterinaria/calidade.html>

A documentación relativa ao SGIC en vigor durante o curso 2017-2018 recóllese na Secretaría do Centro, a páxina web da facultade e nas vicerreitorías competentes relacionadas con cada proceso/procedemento.

Evolución e Grao de cumprimento do Plan Estratéxico e da Programación Plurianual do Centro.

O Plan Estratéxico foi elaborado pola CCC, tramitado conforme o establecido no manual do SGIC -Proceso de planificación estratéxica Vet-PE-01-, e finalmente aprobado en Xunta de Facultade do 17 de decembro de 2015.

A Programación Plurianual tamén elaborada pola Comisión de Calidade do Centro, aprobouse en Xunta de Facultade o 18 de xaneiro de 2016.

O Plan Estratéxico da Facultade de Veterinaria establece o seu marco temporal no período 2014-2018.

Queda desenvolvido mediante catro liñas estratéxicas de acción, formuladas nunha serie de obxectivos cada unha delas, os cales establecen accións concretas.

Na Programación Plurianual para o referido período, as accións quedan fixadas cunha temporalidade estimada para a súa consecución, a cal remata xa no presente curso académico.

Todas as que se establecen con periodicidade anual, así se veñen executando cada ano salvo alguna excepción motivada por causas de forza maior que non o permitiron. En canto as accións de finalización prevista para 2018:

1. Liña estratéxica de Planificación da enseñanza:

- acción 1.1.1.
Coa preparación da revisita de avaliación europea por parte da EAEVE á Facultade es setembro de 2018, no presente curso se procede á elaboración do autoinforme de avaliación no que se establece o paralelismo das actividades formativas das fichas das materias cos estándares do manual de procedemento estandarizado (SOP) da EAEVE.
- acción 1.2.1.
No curso 2014-15 procedeuse a realizar unha redistribución entre as materias das competencias establecidas na Memoria de Verificación do Título que entrou en vigor o pasado curso 2016-17. Aínda que sería necesario ir máis alá coa redefinición do catálogo de competencias e a súa asignación ás materias, pensamos que supón una modificación do plan de estudos que se debe analizar e, de ser o caso, formular para o seguinte Plan Estratéxico.
- acción 1.3.1.
O formato de horarios e calendarios adoptado pola Facultade, dispoñibles na páxina web, mellora moito a visualización dos mesmos que ofrece a aplicación Xescampus. O procedemento de elaboración xa establecido comeza en cada semestre a cargo dos coordinadores de semestre o que facilita a coordinación horizontal entre as materias que o integran; a compilación final dos horarios corre a cargo da Vicedecana de Ordenación Académica; finalmente a súa aprobación é competencia da Xunta de Facultade.

2. Liña estratéxica de Desenvolvemento da docencia:

- acción 2.1.2.
O HVU Rof Codina ten elaborado un Plan Estratéxico. Non obstante calquera actuación do Hospital está fóra da competencia de actuación da Facultade agás aquelas que se podan suxerir dende a Comisión de Seguimento.
- acción 2.1.3.
A materia TFG xa está plenamente establecida no que supón a súa organización, normativa e funcionamento. Conta cunha comisión específica que supervisa todos os aspectos da mesma.

4. Liña estratéxica de Información pública:

- acción 4.1.1.
Segue pendente o mantemento da páxina web en castelán e inglés, por cuestións alleas a Facultade xa que o xestor de contidos o decide e habilitan os servizos centrais da universidade. Cando temos a seguridade de que a información precisa ser consultada por usuarios de fóra da comunidade, facilítase o texto duplicado en castelán ou, alternativamente, un arquivo descargable traducido.


Estado do Plan de Melloras para o curso 2017-18.

As accións de mellora comprometidas para este curso foron todas finalizadas conforme se indica no informe de seguimento do título de Grao en Veterinaria, páxs. 40-66.

Resultados de Indicadores da eficacia dos procesos considerados no SGIC.

A análise dos indicadores de eficacia facilitados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (<http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/titulosoficiais/datosgraos.html>) que se consideraron relevantes para o curso académico 2017-2018 son analizados no Informe de Seguimento do título en cada un dos criterios nos que se enmarcan, e non procede polo tanto repetir a información. Na táboa indícase a localización de cada un deles no Informe.

Código	Descrición do indicador	páxinas
IN01G-PC-05	Prazas ofertadas	6;30
IN03G-PC-05	Matrícula de novo ingreso	6;30
IN04G-PC-05	Matrícula de inicio de estudos	6
IN05G-PC-05	Variación da matrícula de inicio de estudos	6
IN06G-PC-05	Nota media de acceso por preinscrición	9;30
IN07G-PC-05	% de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou	9;30
IN08G-PC-05	% de estudantes estranxeiros sobre matriculados	6
IN09G-PC-05	% de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	6
IN10G-PC-05	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (Grao)	9
IN12G-PC-05	% de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas	6
IN15G-PC-05	Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade	14
IN16G-PC-08	Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade	14
IN17G-PC-08	% de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	8
IN19G-PC-09	Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas	15;31
IN20G-PC-09	Satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas	15;27;32
IN21G-PC-09	Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas	16;27
IN23G-PC-12	Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible	12
IN24G-PS-01	% de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título	21
IN25G-PS-01	% de PDI doutor sobre o PDI total	21
IN31G-PS-01	Media de alumnos por grupo de teoría	7;21
IN32G-PS-01	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	8;21
IN33G-PS-03	Grao de satisfacción dos egresados cos servizos	26
IN34G-S01-PM-01	Taxa de rendemento	31
IN35G-S01-PM-01	Taxa de éxito	31
IN36G-S01-PM-01	Taxa de avaliación	31
IN37G-S01-PM-01	Taxa de graduación	31
IN38G-S01-PM-01	Duración media dos estudos	31
IN39G-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados	31
IN40G-S01-PM-01	Taxa de abandono durante o primeiro curso (Grao)	10;31
IN41G-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393	10;31
IN42G-S01-PM-01	Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación	17;32
IN46G-S01-PM-01	Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	21;31
IN47G-S01-PM-01	Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	17-18;32
IN48G-S01-PM-01	Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia	17;21;31

	<p>MEMORIA DE CALIDADE DA FACULTADE DE VETERINARIA 2017-2018</p>	<p>Data aprobación: xx/05/2019</p>
		<p>Páxina 8 de 32</p>

3. Plan de Melloras do Centro

O plan de melloras do Centro para o curso 2018-19 formúlase esencialmente coas que afectan ao Grao en Veterinaria, xa que o máster en Xenómica e Xenética aínda non fixo o seu primer informe de seguimento por ser este o seu curso de implantación.

Como accións específicas de Centro pódense considerar: FV-AM-1 , FV-AM-4 e FV-AM-19.

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	FV-AM-1
		Tipo	Acción de mellora
	Definición	Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
		Análise causa	El informe de acreditación del título de Grado en Veterinaria en 2017 recomendó dar más difusión al SGIC y su repercusión en los diferentes colectivos, para lo cual se diseñó la acción de mejora AM-06: Elaboración de carteles con fichas informativas sobre los aspectos más relevantes del SGIC y su repercusión a los diferentes colectivos, particularmente al de estudiantes. El contenido de cada ficha se incluirá en la información disponible en la página web, apartado de Calidad. La adaptación del SGIC al modelo 2018 que se ha realizado aconseja retomar esta acción para llevarla a cabo a lo largo de 2019.
		Definición/descripción proposta	Difusión del SGC mediante fichas informativas.
		Data prevista de finalización	31/12/2019
		Data inicio	26/03/2019
		Responsables	Responsable da implantación
	Persoa responsable		
Finalización	Estado		
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	FV-AM-2	
		Tipo	Acción de mellora	
	Definición	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante	
		Análise causa	Kahoot! é unha plataforma gratuíta que permite a creación de cuestionarios de avaliación. É unha ferramenta coa que os docentes crean concursos na aula para aprender ou reforzar a aprendizaxe e os estudantes convértense en concursantes. Pódese aplicar a calquera materia ou temática. Nas sesións prácticas de histopatoloxía básica (distrofias/disciclias, inflamacións I e II, e neoplasias) da Anatomía Patolóxica Xeral Veterinaria se traballa con casos clínicos reais que se estudan ao microscopio óptico. Os estudantes deben tratar de resolver e/ou diagnosticar os casos e responder a unha serie de preguntas relacionadas con eles. Durante o curso 2017/18, a modo de proba piloto, decidiuse crear uns cuestionarios Kahoot! para recoller as respostas dos estudantes en cada unha das sesións prácticas. Á vista do bo funcionamento da ferramenta e da boa acollida por parte do estudantado, aplicarase esta metodoloxía de avaliación nas prácticas de histopatoloxía básica que se desenvolven no cuarto semestre do grao en Veterinaria.	
		Definición/descrición proposta	Kahoot! como sistema de avaliación de prácticas.	
		Data prevista de finalización	14/05/2019	
		Data inicio	27/03/2019	
		Responsables	Responsable da implantación	Mónica López Peña
	Persoa responsable			
Finalización	Estado			
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	FV-AM4	
		Tipo	Acción de mellora	
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	
		Análise causa	Obxectivo: simplificación dos procedementos administrativos, o que supón: Sinatura electrónica da documentación a entregar ó estudantado. Disponibilidade e facilidade de acceso á documentación, sen ter que cingirse a horarios de oficina nin a un día concreto para acceder a ela. Facer un seguimento do acceso do estudantado á documentación. Optimización dos custos, cabe destacar a roducción de consumo de papel. Elevada interactividade mediante ferramentas de comunicación: mensaxería interna.	
			Definición/descrición proposta	Implantar o uso da ferramenta Campus Virtual como simplificación dos procedementos administrativos
			Data prevista de finalización	31/12/2019
			Data inicio	01/02/2019
		Responsables	Responsable da implantación	Ana Mª Pérez Vázquez
	Persoa responsable			
Finalización	Estado			
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

ACCIÓN DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	FV-AM-5	
		Tipo	Acción de mellora	
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante	
	Definición	Análise causa		Desde hace varios años, en el centro se vienen realizando reuniones de valoración semestral con la participación de los representantes de los alumnos y los coordinadores de las materias impartidas en el semestre, junto con la Vicedecana de Ordenación Académica y Estudiantes y la Coordinadora del Grado. Estas reuniones, que se celebran una vez terminado el semestre, sirven de foro para el intercambio de las impresiones de los alumnos y docentes sobre el desarrollo del curso, se debaten los problemas surgidos, así como sus posibles soluciones o necesidades de mejora. A pesar del reconocido beneficio que aportan estas reuniones, no se están realizando para el 10º y 11º semestre ya que la mayoría de los alumnos ya han terminado sus estudios (o están realizando las prácticas tuteladas fuera de la facultad y, normalmente, lejos de Lugo). Durante este curso nos planteamos recopilar la información de cómo ha transcurrido el último semestre mediante dos posibilidades: - Encuestas enviadas a todos los estudiantes (aula virtual y/o correo electrónico). - Reuniones presenciales con los alumnos y los coordinadores, aprovechando los días que los alumnos están en el centro (por ejemplo, defensa del TFG).
			Definición/descripción proposta	Sistema de seguemento do décimo e undécimo semestre
			Data prevista de finalización	02/09/2019
			Data inicio	01/03/2019
Responsables	Responsable da implantación	Ana Mª López Beceiro		
	Persoa responsable	Azucena Mora Gutiérrez		

Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	FV-AM-6	
		Tipo	Acción de mellora	
	Definición	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante	
		Análise causa	Respecto do paquete estatístico R na docencia, ata este curso en Bioestatística se emprega unicamente RCommander, mentres que en Epidemioloxía I faise con comandos no terminal. Co fin de que os alumnos reciban unha docencia homoxénea, dende este curso as dúas materias empregarán Rstudio, que permite o desenvolvemento integrado para a linguaxe R.	
		Definición/descripción proposta	Converxencia no software estatístico na docencia en Bioestatística e Epidemioloxía, Medicina Preventiva e Policía Sanitaria I	
		Data prevista de finalización	31/12/2019	
		Data inicio	07/01/2019	
Responsables	Responsable da implantación	Ceferino López Sandez		
	Persoa responsable			
Finalización	Estado			
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

ACCIÓNS DE MELLORA				
	Acción de mellora	Código	FV-AM-7	
		Tipo	Acción de mellora	
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante	
		Definición	Análise causa	<p>A capacidade de elaborar un documento técnico ou profesional de boa calidade formal (información ben estruturada, redacción clara e precisa, deseño atractivo e funcional, corrección lingüística?) é unha habilidade comunicativa que calquera egresado/da universitario/ria debería posuír.</p> <p>Trátase dunha capacidade que se vai desenvolvendo no transcórrecer da vida académica, e que se adquire en maior medida para as linguas máis habituais no proceso de ensino-aprendizaxe (no caso da Facultade de Veterinaria, o castelán). Pero previsiblemente, esta non vai ser a única lingua que os nosos egresados van ter que manexar como ferramenta profesional, xa que a competencia en galego vailles ser necesaria para relacionarse coas administracións galegas e cunha parte moi significativa da súa potencial clientela. Xa que logo, entendemos que calquera acción que promova a adquisición e o desenvolvemento destas capacidades en lingua galega contribuirá a capacitar mellor ás persoas egresadas para desenvolverse con éxito no seu contorno profesional.</p> <p>A Facultade, a través da súa Comisión de Normalización Lingüística, intenta ofrecer oportunidades para empregar o galego como lingua do proceso de ensino-aprendizaxe a través de iniciativas como Escolle en Galego, que promove a posta a disposición e a utilización de materiais docentes nesta lingua para as distintas materias que se imparten na Facultade.</p> <p>Desde a Comisión de Normalización Lingüística cremos que é interesante complementar Escolle en Galego con outra acción que teña como obxectivo estimular o emprego activo da lingua galega na elaboración dos materiais académicos que lle se solicitan ao alumnado nas materias xa acollidas a esa iniciativa pois, como dixemos máis arriba, esta é unha competencia que se adquire e se asenta a través da práctica regular e continuada.</p> <p>Por ese motivo, propoñemos a convocatoria dos Premios Escolle en Galego, unha convocatoria que escollería e premiaría a calidade formal e lingüística dos mellores traballos académicos (traballos de clase, memorias de prácticas, cadernos de actividades?) elaborados en lingua galega por parte do alumnado da Facultade.</p>

		<p>A esa convocatoria poderían presentarse todos os traballos académicos elaborados en lingua galega (habería que definir con detalle a tipoloxía de traballos que poden concorrer aos Premios) e vinculados ao desenvolvemento dunha materia do Grao en Veterinaria que participe no programa Escolle en Galego. Eses traballos valoraríanse unicamente desde o punto de vista formal, xa que a calidade técnica quedaría garantida ao limitar a participación a aqueles traballos que o profesorado responsable da materia cualificase como mínimo como ?aprobado?.</p> <p>Para o desenvolvemento da acción contaríase co apoio e asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística á hora de valorar a calidade dos traballos presentados</p>
	Definición/descripción proposta	Premio Escolle en Galego 2018-19
	Data prevista de finalización	02/09/2019
	Data inicio	03/09/2018
Responsables	Responsable da implantación	Antonio Villamarín Cid
	Persoa responsable	
Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	

ACCIÓNS DE MELLORA				
	Acción de mellora	Código	FV-AM-8	
		Tipo	Acción de mellora	
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante	
		Definición	Análise causa	<p>As persoas egresadas da Universidade non só deben contar cun nivel axeitado de coñecementos científicos e técnicos, senón que tamén é desexable que teñan desenvolvidas outras destrezas e habilidades, de entre as cales as lingüísticas e comunicativas ocupan un lugar esencial.</p> <p>A capacidade de elaborar un documento técnico ou profesional de boa calidade formal (información ben estruturada, redacción clara e precisa, deseño atractivo e funcional, corrección lingüística?) é unha habilidade comunicativa que calquera universitario/a debería posuír.</p> <p>E debería posuíla en todas as linguas que potencialmente vai ter que empregar como ferramentas profesionais: nomeadamente naquelas que van ser as máis habituais (castelán e galego).</p> <p>Desde a Comisión de Normalización Lingüística cremos que desenvolver iniciativas que teñan como obxectivo mellorar a capacidade do alumnado para elaborar documentación técnica en lingua galega é unha acción relevante desde o punto de vista da calidade. Centrarse especificamente no galego xustifícase polo feito de que este idioma ten unha presenza moi minoritaria nas actividades de ensino-aprendizaxe, o que lle dá poucas oportunidades ao alumnado para exercitar as súas competencias no manexo desta lingua como ferramenta técnica.</p> <p>Por ese motivo, propoñemos a convocatoria dun premio á calidade lingüística dos TFG redactados e defendidos en lingua galega como unha forma de promover entre o alumnado o emprego do deste idioma na redacción de documentos técnicos e profesionais e fomentar a adquisición de competencias creando espazos en que estas se poidan poñer en práctica.</p> <p>A esa convocatoria poderían presentarse todos os TFG en galego que se defendesen e aprobasen ao longo dun curso académico, e valoraríanse unicamente desde o punto de vista formal, xa que a calidade técnica quedaría garantida polo feito de esixir a cualificación mínima de ?aprobado? para poder concorrer á convocatoria.</p>

			Para o desenvolvemento da acción contaríase co apoio e asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística para valorar a calidade dos traballos presentados.
		Definición/descrición proposta	O teu Traballo ten premio. Edición 2018-19.
		Data prevista de finalización	02/09/2019
		Data inicio	03/09/2018
Responsables		Responsable da implantación	Antonio Villamarín Cid
		Persoa responsable	
Finalización		Estado	
		Data estado	
		Comprobación	
		Data comprobación	

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	FV-AM9	
		Tipo	Acción de mellora	
	Definición	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante	
		Análise causa	O programa informático “Gel Analyzer” para o análise e cuantificación das proteínas de soro de diferentes especies animais permite aos alumnos obter de forma individual unha información moito máis completa da electroforese que realizan: obter os proteinogramas, cuantificar os diferentes grupos de proteínas séricas, e comparar os resultados das diferentes mostras de soro para ver alteracións. Por tanto, cremos que complementa notablemente a práctica en canto á interpretación de resultados (competencia D1VUSC 03: realizar técnicas analíticas básicas e interpretar resultados clínicos, biolóxicos e químicos).	
		Definición/descripción proposta	Emprego do programa “Gel Analyzer” para adquirir a competencia D1VUSC 03 no Grao en Veterinaria.	
		Data prevista de finalización	31/05/2019	
		Data inicio	01/03/2019	
Responsables	Responsable da implantación	Antonio Villamarín Cid		
	Persoa responsable			
Finalización	Estado			
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	FV-AM-10
		Tipo	Acción de mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
	Definición	Análise causa	Desde el inicio del grado, se solicitan grupos de centro para la docencia práctica, con el fin de reducir el número de 20 alumnos por profesor, establecido por la normativa general de la USC. Mediante esta acción pasamos a un máximo de 15 alumnos/profesor, lo que facilita una atención más adecuada a los alumnos.
		Definición/descripción proposta	Reducción del tamaño de los grupos de prácticas de laboratorio
		Data prevista de finalización	31/05/2019
		Data inicio	03/09/2018
Responsables	Responsable da implantación	Mª Izaskun Ibarguren Arizeta	
	Persoa responsable		
Finalización	Estado		
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	FV-AM-11	
		Tipo	Acción de mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
		Análise causa		O obxectivo é que os estudantes refresquen os coñecementos da anatomía do aparello reprodutor feminino dos carnívoros que adquiriron cando cursaron Anatomía Veterinaria II, inmediatamente antes de realizar unha ovariectomía sobre unha cadela nas prácticas da materia Medicina e Cirurxía Clínica Veterinaria I. Aos alumnos matriculados se lles ofrece a oportunidade de asistir a un repaso de 60 minutos (máximo 7 estudantes por grupo) centrado nos órganos reprodutores da cadela. Para a revisión utilízanse órganos illados, cavidades abdominal e pélvica illadas e troncos completos de cadela, todos fixados e conservados adecuadamente, para que alumno poida observar, tocar e recoñecer as estruturas de interese. Este repaso voluntario se ofrece a todos os grupos antes de que cada un asuma a responsabilidade de facer unha cirurxía real de ovariectomía nunha cadela, e participa practicamente o 100% dos alumnos matriculados.
			Definición/descrición proposta	Revisión de coñecementos anatómicos previos á práctica cirúrxica
			Data prevista de finalización	15/11/2018
			Data inicio	12/09/2018
			Responsables	Responsable da implantación
	Persoa responsable			
Finalización	Estado			
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	FV-AM-12	
		Tipo	Acción de mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
		Análise causa		Como continuación de la acción realizada en el curso 2017-18 (que a su vez venía siendo ejecutada en cada curso académico desde hace años) continuaremos con el servicio de préstamo de huesos, realizando una encuesta de valoración del grado de satisfacción al final. El préstamo ayuda a los alumnos a preparar el examen práctico de la materia. Adicionalmente, este curso se ha facilitado un horario de repaso en la sala, con acceso a todo el material disponible empleado en las prácticas, previo al examen.
		Definición/descripción proposta		Servicio de préstamo de colecciones de la esteoteca para autoaprendizaje
		Data prevista de finalización		01/10/2018
		Data inicio		15/11/2018
Responsables	Responsable da implantación		Patricia Fernández de Troconiz Revuelta	
	Persoa responsable			
Finalización	Estado			
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	FV-AM-13	
		Tipo	Acción de mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
		Análise causa		Parte del programa teórico de la materia de Clínica Médica Veterinaria II corresponde a las patologías respiratorias. En las sesiones prácticas son frecuentes los problemas respiratorios y los estudiantes deben familiarizarse con las diferentes pruebas diagnósticas con las que se cuenta. La unidad dispone de un broncoscopio flexible monocular que requiere de ciertas actualizaciones para adaptarse al trabajo grupal. Pensamos que la implementación de un adaptador de video endoscopia facilitaría mucho la integración y participación de los estudiantes en el proceso diagnóstico y en la toma de decisiones, pues todo el procedimiento podría estar siendo visualizado en tiempo real en un monitor y ser registrado para su revisión posterior: el grupo de prácticas puede visualizar la vía respiratoria de forma sincrónica, comentar sobre la misma imagen visualizada en pantalla y reducir la duración del procedimiento sobre el animal vivo anestesiado. Dinamiza el procedimiento y lo hace colaborativo. Al ser registrado en formato digital podrá ser usado como material docente adicional.
			Definición/descripción proposta	Implantación de unidad de video endoscopia respiratoria
			Data prevista de finalización	02/09/2019
			Data inicio	03/09/2018
		Responsables	Responsable da implantación	Germán Santamarina Pernas
	Persoa responsable			
Finalización	Estado			
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	FV-AM-14	
		Tipo	Acción de mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
		Definición	Análise causa	El museo de Anatomía que aloja espécimes empleados para la docencia práctica, se abre a las visitas del público y especialmente a los centros de enseñanza de la provincia, realizándose varias visitas cada año. Mantener y ampliar la colección requiere una inversión mínima de materiales y, últimamente, la colaboración de un especialista en el montaje de piezas, para lo que no disponemos de una asignación específica.
			Definición/descripción proposta	Visitas y mantenimiento de las colecciones del Museo de Anatomía
			Data prevista de finalización	31/12/2019
			Data inicio	03/09/2019
Responsables	Responsable da implantación	Patricia Fernández de Troconiz Revuelta		
	Persoa responsable			
Finalización	Estado			
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	FV-AM-15	
		Tipo	Acción de mellora	
	Definición	Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	
		Análise causa	Según la Orden ECI/333/2008, de 13 de febrero, por la que se establecen los requisitos para la verificación de los títulos universitarios oficiales que habiliten para el ejercicio de la profesión de Veterinario, se contempla específicamente la formación del estudiante en el conocimiento de los sistemas de autocontrol de la higiene de los establecimientos agroalimentarios. Por ello, esta materia imparte 12 horas de seminarios exclusivamente sobre este tema. Se considera una mejora muy importante que profesionales-expertos en ejercicio puedan completar esta formación y se propone la participación de un profesional de reconocido prestigio (Inspector Sanitario, Dr. en Veterinaria) y con más de 25 años de experiencia, en coloquios activos con los alumnos sobre el tema concreto Sistemas de Autocontrol de la Higiene (basados en APPCC). La parte de auditorías de los sistemas APPCC de los sectores de los productos de origen animal sería aprovechable también para las materias-Higiene II e-Higiene III.	
		Definición/descripción proposta	Seminarios formativos con profesionales del sector	
		Data prevista de finalización	01/07/2019	
		Data inicio	01/04/2019	
Responsables	Responsable da implantación	Carlos Manuel Franco Abuín		
	Persoa responsable			
Finalización	Estado			
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			


ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	FV-AM-16	
		Tipo	Acción de mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
		Análise causa		Introducir aos alumnos na cultura da responsabilidade social corporativa, ao tempo que adquiren ou poñen en práctica competencias propias das materias implicadas e a profesión. Os obxectivos son ACADÉMICOS e de SERVIZO: Reforzar a aprendizaxe e a comprensión de determinados contidos impartidos en materias de bioquímica. Fomentar a motivación dos estudantes cara a estas materias. Desenvolver habilidades de traballo en grupo. Desenvolver habilidades de comunicación. Ofrecer información útil a determinados colectivos de persoas sobre temas relacionados co mantemento da saúde. Fomentar a interacción entre o alumnado universitario e diferentes colectivos da contorna: persoas maiores ou persoas con enfermidade mental. Esta é unha continuación da acción de mellora GrV-AM-6 iniciada no curso 2016-17.
			Definición/descrición proposta	Actividade aprendizaxe-servizo en Bioquímica e Integración do metabolismo.
			Data prevista de finalización	30/07/2019
			Data inicio	03/12/2018
		Responsables	Responsable da implantación	Mª Izaskun Ibarguren Arizeta
	Persoa responsable	Antonio Villamarín Cid		
Finalización		Estado		
		Data estado		
		Comprobación		
		Data comprobación		

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	FV-AM-17	
		Tipo	Acción de mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
		Definición	Análise causa	Os 20 microscopios que actualmente usan os alumnos nas clases prácticas de citoloxía e histoloxía contan con 3 obxectivos 4X, 10X e 40X. Dado que o revolver conta con catro posicións sería conveniente a adquisición dun obxectivo de 20X e mellorar desta maneira a súas prestacións.
			Definición/descripción proposta	Mellora dos microscopios de prácticas
			Data prevista de finalización	31/12/2019
			Data inicio	01/05/2019
Responsables	Responsable da implantación	Patricia Fdz. De Trocóniz Revuelta		
	Persoa responsable	José Manuel Cifuentes Martínez		
Finalización	Estado			
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	FV-AM-18	
		Tipo	Acción de mellora	
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante	
		Análise causa	<p>O emprego de recursos prácticos para autoaprendizaxe dos alumnos que ademais minimicen o uso de animais na adquisición de habilidades, especialmente nas competencias clínicas pero no só nelas, é a tendencia actual nas ciencias biomédicas.</p> <p>Hai que recabar información das materias que xa empregan o laboratorio de habilidades clínicas para ver a posible ampliación e darlo a coñecer mellor ao resto para ver se hai outros usuarios potenciais.</p> <p>Ademais pódese ampliar coas materias non clínicas, mesmo deslocalizando a ubicación dos recursos de autoaprendizaxe cando non sexa posible trasladarlos ao dito laboratorio que ademais ten capacidade limitada.</p>	
		Definición/descrición proposta	Incrementar a dotación de recursos do laboratorio de habilidades clínicas e ampliar a oferta de estacións de aprendizaxe.	
		Data prevista de finalización	31/12/2019	
		Data inicio	26/03/2019	
Responsables	Responsable da implantación	Ana Mª López Beceiro		
	Persoa responsable			
Finalización	Estado			
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	FV-AM-19	
		Tipo	Acción de mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
		Análise causa	<p>En relación co punto 4.1. do Informe de seguimento 2017-18 no que se refire á oferta institucional de cursos de formación co obxectivo de mellorar a actividade docente, a Facultade organiza pola súa conta en cada curso unha actividade formativa destas características.</p> <p>Dada a boa aceptación por parte do profesorado, de novo se ofertará un curso de formación docente.</p>	
		Definición/descrición proposta	Oferta dunha actividade formativa para o PDI a través do PFID	
		Data prevista de finalización	31/12/2019	
		Data inicio	09/05/2019	
Responsables	Responsable da implantación	M ^a Izaskun Ibarguren Arizeta		
	Persoa responsable			
Finalización	Estado			
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	FV-AM-20	
		Tipo	Acción de mellora	
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante	
		Análise causa	A formación en habilidades de índole empresarial e de xestión é moi necesaria para os nosos egresados polo que dende fai xa 4 anos se ven organizando unha actividade desta temática no mes de novembro. Está esencialmente dirixida a alumnos dos últimos cursos, pero aberta a todos os do grao. Profesionais dos diferentes ámbitos da veterinaria e persoal técnico da oficina de emprego da USC participan nos relatorios.	
		Definición/descrición proposta	Organizar as xornadas anuais de Márketing, Xestión e Emprego para alumnos de 4º e 5º curso do grao.	
		Data prevista de finalización	31/12/2019	
		Data inicio	26/03/2019	
Responsables	Responsable da implantación	Germán Santamarina Pernas		
	Persoa responsable	Mª Izaskun Iburguren Arizeta		
Finalización	Estado			
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

		MEMORIA DE CALIDADE DA FACULTADE DE VETERINARIA 2015-2016	Data aprobación: xx/05/2019
			Páxina 31 de 32

4. Anexo: Informes de seguimento

O informe de seguimento do título de Grao en Veterinaria correspondente ao curso 2017-18, foi elaborado pola Comisión de Calidade e aprobado o 14 de Marzo de 2019.

Dispoñible na páxina web da Facultade de Veterinaria, sección CALIDADE > SGC:

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/veterinaria/descargas/Informe_Seguimiento_Grado_Veterinaria_2017-18.pdf